

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



C.R.A. DE TEO

1. Xustificación baseada no contexto.
2. Identificación e valoración das necesidades.
3. Determinación dos obxectivos.
4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

1.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

En tódolos centros a atención á diversidade é un punto esencial a ter en conta á hora de acadar a tan ansiada calidade educativa, pero no noso centro máis se cabe. Afirmamos isto porque nós somos cinco escolas situadas en lugares diferentes, con alumnado moi diferente que vai dos 3 aos 8 anos de idade e onde cada un deses alumnos/as ten unha casuística totalmente diferente, polo tanto creo que está máis que xustifico afirmar que a DIVERSIDADE preside o noso centro.

No DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

2.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Con obxecto de axustarnos ás necesidades reais de cada un dos nosos alumnos/as, realizarase unha valoración das súas características individuais de acordo aos seguintes parámetros:

Avaliación do nivel de competencia curricular dos alumnos e das alumnas

Tanto se se trata dun neno de novo ingreso coma se estivo escolarizado anteriormente, será conveniente esperar a que pase o período de adaptación, cando estea xa afeito á aula e se sinta querido, aceptado e protexido.

Decidir con que referente curricular imos avaliar o neno:

Se o desenvolvemento evolutivo do neno está afastado do nivel madurativo propio da súa idade cronolóxica, e co fin de identificar as lagoas existentes, utilizaremos como referentes os obxectivos xerais, contidos ou criterios de avaliación do nivel anterior.

Cando o nivel madurativo non se afaste excesivamente do nivel evolutivo dos outros compañeiros da súa idade, o referente que se debe utilizar serán os obxectivos xerais, contidos e criterios de avaliación do mesmo nivel. Isto permitiranos establecer a distancia entre o que o alumno é capaz de facer, xa sexa de forma autónoma ou coa axuda do docente, e o que se pide que alcance neste nivel. Deste xeito poderemos definir de forma máis axustada o tipo de intervención educativa que deberemos levar a cabo, onde ir eliminando axudas e onde ir ofrecendo outras novas que lle permitan ir avanzando cara ao nivel do grupo.

Valorar que áreas curriculares será necesario avaliar con máis profundidade, aquelas onde o neno ou a nena ten máis dificultades, seleccionando os obxectivos, contidos e criterios de avaliación máis importantes.

Determinar unha adecuada estratexia de avaliación que nos indique con claridade o que o neno é capaz de facer en relación coas aprendizaxes propostas. En moitos casos servirannos as propias actividades da aula, pero nalgún caso, e debido ás características específicas do neno, haberá que deseñar actividades específicas de avaliación para valorar determinados aspectos.

- **Avaliación do desenvolvemento madurativo**

A avaliación propiamente curricular non reflicte fielmente, por si mesma, o nivel madurativo dos alumnos, polo que se fai necesario realizar unha avaliación do neno por áreas de desenvolvemento: biolóxicos, intelectuais, motores, comunicativo–lingüísticos, de adaptación e inserción social e emocionais.

Área perceptivo–cognitiva:

- Relación co xogo.
- Relación cos obxectos.
- Capacidade de atención.
- Desenvolvemento do esquema corporal.
- Niveis perceptivos.
- Desenvolvemento dos conceptos espazo–temporais.

- Pensamento lóxico.
- Capacidade de simbolización.

Área de comunicación e linguaxe

- Capacidades previas: praxias, respiración, deglutición, mastigación, discriminación auditiva e capacidade articuladora.
- Comunicación xestual comprensiva e expresiva.
- Linguaxe oral comprensiva e expresiva

Área motriz

- Motricidade grosa: control postural, xiros, posicións, coordinación dinámica xeral, equilibrio estático, equilibrio dinámico, etc.
- Motricidade fina: coordinación manual, coordinación óculo–manual, habilidades manipulativas, dominancia lateral, grafomotricidade, etc.

Área afectivo–social

- Autonomía persoal e social.
- Hábitos de alimentación, hixiene, aseo e vestido.
- Normas de comportamento.
- Interacción cos adultos.
- Interacción cos iguais

Avaliación do estilo de aprendizaxe

Para facer unha adecuada valoración das características individuais de cada neno necesitamos saber o que é capaz de facer e como o fai, é dicir, como se enfronta e responde ás tarefas escolares.

Aspectos que hai que ter en conta para a avaliación dos estilos de aprendizaxe:

Condicións físico–ambientais nas que responde mellor ás aprendizaxes: son, luz, temperatura, lugar onde se coloca en cada situación, espazos onde se sente máis cómodo.

Preferencias de agrupamento para realizar as actividades: só, en parella cun igual, en pequeno grupo, en gran grupo, individual coa mestra.

Preferencias fronte a adultos e iguais: profesional co que interactúa mellor, tipo de vínculos afectivos cos outros, contactos e relacións cos nenos.

Tipo de reforzos máis positivos para aprender: tipo de recompensa, procura de reforzo, satisfacción ante as súas tarefas, valoración do seu esforzo, resposta aos reforzos dos iguais.

Nivel de atención: momentos en que está máis atento, tarefas nas que aumenta ou diminúe a súa atención, materiais que reforzan a súa atención, tempo que pode permanecer atento, xeitos de captar a súa atención.

Intereses e motivación: actividades e situacións de aprendizaxe que o motivan máis, as que menos lle interesan, os contidos e actividades cos que se sente máis seguro e cómodo.

Estratexias que emprega para a resolución de tarefas: pensa e planifica a resposta que dá, analiza e secuencia os elementos que compoñen a tarefa, aproxímase progresivamente por tenteo (ensaio–erro) á solución, etc.

3.- DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

- Conseguir unha atención educativa de calidade respecto ás necesidades específicas.
- Priorizar aquelas medidas destinadas ao alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo (alumnado con necesidades educativas especiais, dificultades de aprendizaxe, incorporación tardía ao sistema educativo, cunhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables)
- Priorizar as actuacións e medidas de carácter preventivo e de detección temperá, así como as de carácter ordinario fronte ás de carácter extraordinario
- Asegurar o acceso ao currículo para o alumnado con necesidades educativas específicas de acordo co principio de igualdade de oportunidades

- Organizar os recursos persoais e materiais do centro, facilitando unha resposta adecuada a todo o alumnado e/ou fundamentalmente aos que presentan necesidades educativas.
- Fomentar a participación da familia e implicación no proceso educativo dos seus fillos.
- Coordinarse coas institucións e organismos externos ao centro cando sexa necesario.
- Recopilar e dispoñer de materiais concretos que poidan axudar na atención á diversidade.

4.- DESCRICIÓNS DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado do CRA de Teo ten diversos intereses, estilos de aprendizaxe, habilidades, e niveis heteroxéneos e diferentes de coñecemento. En consecuencia, dentro da aula ordinaria tratarase de responder a esta diversidade, optando por un plantexamento metodolóxico e organización que poida responder a todas as necesidades educativas do alumno no ámbito dos obxectivos xerais e programación necesaria.

A orde de actuación será como segue:

1. Prevención.
2. Detección de dificultades por parte do titor. *O titor/a prestará especial atención ao alumnado que presente dificultades na linguaxe oral ou escrita, problemas de comprensión lectora e dificultades no razoamento lóxico matemático.*
3. Aplicación de medidas comúns para resolver as dificultades.
4. Se despois da aplicación destas medidas, o alumno non avanza solicitarase valoración do Equipo de Orientación para realizar unha avaliación psicopedagóxica e establecer os apoios educativos necesarios dentro ou fóra da aula ordinaria.

MEDIDAS DE CARÁCTER PREVENTIVO E ORDINARIAS

- Os tiores contextualizaran as programacións de aula ás características do grupo-aula.
- Facilitar a todo o alumnado o acceso e adquisición dos contidos prioritarios
- Fomentar dentro da dinámica de aula a variabilidade dos agrupamentos, en función das necesidades do alumno/a e contidos a traballar.
- Proporcionar variedade de actividades e metodoloxía para a transmisión dun mesmo contido.
- Manter unha estreita colaboración coa familia, procurando a implicación no proceso de ensinanza e aprendizaxe dos fillos
- Reforzo educativo.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

No marco do decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Serán os especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e linguaxe as persoas encargadas de proporcionar unha resposta máis específica ao alumnado que o precise.

O especialista en Pedagogía Terapéutica traballará co alumnado que presente necesidades en determinadas áreas curriculares facendo os reforzos necesarios dentro da aula ordinaria.

O especialista en Audición e Linguaxe, atenderá ao alumnado que presente necesidades máis específicas relativas ao compoñente comunicativo-lingüístico, dentro ou fóra da aula ordinaria.

No caso de que os apoios por parte destes profesionais non sexan suficientes para atender a todo o alumnado que así o precise, valorarase a atención por parte do resto do profesorado se a dispoñibilidade horaria o permite.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

TITORES:

Ademais das funcións xerais determinadas para os titores nos regulamentos orgánicos, contémpanse as descritas dentro deste plan:

- Avaliación inicial do nivel de competencia curricular do alumnado.
- Detección de posibles necesidades educativas especiais, tras a avaliación inicial.
- Comunicar ao D.O os casos detectados para comezar o proceso de información ás familias e artellar a medidas pedagóxicas necesarias.
- Colaborar co D.O. na avaliación psicopedagóxica.
- Facilitar a integración dos alumnos no grupo-clase.

- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo que reciben apoio de PT e A.L e o resto de profesorado que interveña directamente cos mesmos, e adoptar as decisións oportunas.
- Informar aos pais/nais e profesorado dos alumnos con NEAE sobre todo o relativo ás actividades docentes e rendemento académico
- Adaptar o currículo cando sexa necesario e despois de esgotar todos as medidas ordinarias de apoio educativo.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ORIENTADOR:

- Avaliacións psicopedagóxicas.
- Asesoramento e seguimento dos casos, facendo observacións na aula adecuando os apoios ás necesidades existentes e solicitando, de ser preciso a colaboración do EOE
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presenten os alumnos e alumnas

ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE

- Asistir as reunións da comisión de coordinación pedagóxica.
- Colaborar nas avaliacións psicopedagóxicas.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daqueloutras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.
- Asesorar ao profesorado e familias na programación de actividades para a prevención e tratamento de dificultades de aprendizaxe.

- Elaborar materiais didácticos específicos e recursos para o proceso de ensinanza aprendizaxe.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

Contribuirase a unha adecuada relación e interacción entre os diferentes integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e o entorno social, facilitando o diálogo e a negociación ante os conflitos ou problemas que poidan plantexarse.

Planificar visitas dos alumnos/as de 5 anos a finais de curso ás aulas de Educación Primaria e deseñar actividades conxuntas; así como planificar unha visita co alumnado que marche do Cra aos centros adscritos co fin de facilitar a súa incorporación aos mesmos.

Para que o alumnado viva a transición de forma progresiva, ordenada, secuenciada, coherente, evitando cambios bruscos, é imprescindible e necesario a estreita relación e coordinación entre o profesorado que imparte Educación Infantil e o profesorado do primeiro de Educación Primaria.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

FAMILIAS OU TITORES LEGAIS

A comunicación fluída coas familias é un obxectivo prioritario do centro. As actuacións realizadas en relación coas medidas descritas neste Plan concréntanse en:

- Comunicación ás familias das dificultades detectadas mediante entrevista persoal individualizada.
- Solicitud de autorización para efectuar avaliacións psicopedagóxicas segundo o protocolo establecido para tal fin.
- Información sobre os resultados e as medidas de atención á diversidade adoptadas en cada caso.

Emisión de informes escritos que sexan pertinentes previa solicitude por escrito.

- Mantemento de reunións periódicas previa convocatoria, co profesorado implicado no desenvolvemento das medidas e coa xefatura do departamento de orientación.

SERVIZOS EXTERNOS

Nos casos en que, por propia decisión das familias ou por derivación do departamento de orientación ou doutras institucións, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información relevante coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Anexo I: Solicitude de avaliación psicopedagóxica ao departamento de orientación

Anexo II: Modelo informe psicopedagóxico D.O.

Anexo III: Solicitude de intervención do equipo de orientación específico (EOE)

Anexo IV: Conformidade Familias do alumnado atendido

AnexoVI: Comunicación familias RE e AC